

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### VILARMAIOR

##### Secretaría - Intervención

Listaxe definitiva admitidos-excluídos praza de Traballador/a Social (estabilización)

#### ANUNCIO

Listaxe definitiva de aspirantes admitidos e excluídos no proceso selectivo de estabilización de emprego temporal polo sistema excepcional de concurso da praza de traballador/a social.

Por Resolución da Alcaldía nº 324/2023, de data do 03 de novembro de 2023, aprobouse a listaxe definitiva de aspirantes admitidos e excluídos no proceso selectivo da praza de traballador/a social, o que se fai público.

“Por Resolución do 03/02/2023 nº 20/2023 se aprobou a listaxe provisional de aspirantes admitidos e excluídos para tomar parte no proceso selectivo dunha praza de Traballador/a Social, convocado por Resolución desta Alcaldía do 05/12/2022 número 291/2022, (BOE núm. 307 do 23/12/2022), derivado da convocatoria excepcional polo sistema de concurso para a estabilización de emprego temporal de varias prazas incluídas na oferta de emprego público extraordinaria 2022, de acordo coa Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, e tendo en conta as Bases xerais e específicas das convocatorias publicadas no Boletín Oficial da Provincia da Coruña núm. 227 do 30/11/2022 e núm. 233 do 12/12/2022.

Rematado o prazo de emenda de solicitudes para tomar parte nos citados procesos de selección, sen que se presentase ningunha.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

**Primeiro.-** Aprobar a listaxe definitiva de aspirantes admitidos e excluídos no seguinte proceso selectivo convocado, e dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello.

#### Relación definitiva de persoas admitidas:

PRAZA DE TRABALLADOR/A SOCIAL	
Nome e apelidos	Admitido
Natalia Doval Alvarez	Si
Beatriz marina Filgueira Alvarez	Si
Andrés Bieito Hernández Mouriño	SI
Lorena López Vilar	Si
Estela Loureiro Morado	Si
Patricia Martínez Lago	Si
Pablo Pena Posse	Si
María Manuela Zas Castro	Si

Relación definitiva de persoas excluídas: Ningunha.

**Segundo.-** Nomear ao Tribunal cualificador do proceso selectivo, que terá a seguinte composición:

Presidente/a	Titular	Ana Ocampo Pérez-Gorostiaga Funcionaria Administración Local habilitación de carácter nacional
	Suplente	Mª Pilar Lage García, persoal laboral fixo do Concello de Aranga
Vogais	Titular	Mª Amparo Iglesias Puente, Traballadora Social do Concello de Bergondo
	Suplente	María Valiña Garrido Funcionaria Administración Local habilitación de carácter nacional
	Titular	Jorge E. Rodríguez Fernández Funcionario Administración Local habilitación de carácter nacional
	Suplente	Alejandro Alonso Figueroa, Funcionario Administración Local habilitación de carácter nacional
	Titular	Elisa Daponte Cores, Traballadora Social do Concello de Aranga
	Suplente	Ramiro Cal López persoal laboral fixo do Concello de Irixoa
Secretario/a	Titular	Rosa Novoa Paseiro Funcionaria Administración Local habilitación de carácter nacional
	Suplente	Ana María Cacharrón Castelos Funcionaria Administración Local habilitación de carácter nacional

**Terceiro.-** Convocar aos membros do Tribunal ás 10:00 horas do día 14 de novembro de 2023, martes, na Casa Consistorial, para a valoración dos méritos dos/as candidatos/as.

Unha vez realizada a valoración, publicaranse os resultados no taboleiro de anuncios electrónico do Concello de Vilarmaior e na web da corporación, e concederáse un prazo de dez días hábiles para a presentación de alegacións.

**Cuarto.-** Notificar esta resolución aos membros titulares do Tribunal, que terán o expediente á súa disposición na Secretaría do Concello.

A presente resolución, que pon fin á vía administrativa, é susceptible de interposición de recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía deste concello, no prazo dun mes a contar desde a publicación desta resolución, de acordo co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou directamente de recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña, de acordo coa Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Todo isto sen prexuízo de exercitar calquera outro que se estime procedente.”

Vilarmaior, 03 de novembro de 2023.

O ALCALDE,

Carlos Vázquez Quintián

2023/8782